

POLÍTICA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DA UDC

A Universidade da Coruña ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento científico, tecnolóxico e profesional a través do desenvolvemento de investigación e de docencia. Por ser consciente da importancia que as condicións do traballo teñen sobre a saúde e o benestar da comunidade universitaria, manifesta o seu interese pola prevención dos riscos laborais para desenvolver e liderar a implantación e o mantemento dun Sistema de Xestión da Seguridade e Saúde no Traballo da UDC, co obxecto de promover a mellora das condicións de traballo, co fin de elevar os niveis de protección da seguridade, a saúde e o benestar de todas as persoas traballadoras na UDC.

Como consecuencia disto asume os seguintes compromisos:

- Proporcionar unhas condicións de traballo seguras e saudables para previr as lesións e a deterioración da saúde relacionados co traballo.
- Ser un marco de referencia para o establecemento dos obxectivos da seguridade e saúde no traballo.
- Alcanzar un alto nivel de seguridade e saúde no traballo para cumprir coa lexislación vixente e cos requisitos legais e demais normas aplicables nesta materia.
- Eliminar os perigos e reducir os riscos para a seguridade e saúde no traballo.
- Elixir os equipos e os métodos de traballo e de produción máis axeitados para a actividade científica e docente, co obxecto de atenuar o traballo, monótono e repetitivo, así como reducir os efectos prexudiciais na saúde das persoas que os utilizan.
- Procurar a mellora continua das condicións de seguridade e saúde no traballo
- Promover a mellora da educación en materia preventiva nos centros.
- Promover a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes, na recollida e tratamento de datos nos estudos e investigación realizados.
- Difundir esta política entre todas as persoas que integran a comunidade universitaria.
- Crear, en definitiva, unha cultura preventiva positiva eficaz e integrada na nosa xestión e no conxunto de actividades e decisións, a través das canles establecidas de participación activa.

A prevención así concibida convértese na responsabilidade de todas e cada unha das persoas que traballamos na Universidade da Coruña.

Comprometémonos, pois, a proporcionar os recursos necesarios para acadar con éxito este cometido, contando co traballo do Comité de Seguridade e Saúde da UDC e do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, como instrumentos que canalicen as actuacións da Universidade nesta materia.

Ed. 2
Marzo 2020

Código Seguro De Verificación	1m505kJf+xoGNHs9YL9MSA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	06/03/2020 09:57:07
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1m505kJf+xoGNHs9YL9MSA==		

